

Consellería de Traballo, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2007.

José Luis Méndez Romeu  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

*Resolución do 11 de xullo de 2007, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que prorroga o prazo para xustificación das axudas concedidas para financiar proxectos de fomento do uso do galego dos equipos de normalización lingüística dos centros de ensino privados de Galicia.*

A secretaria xeral de Política Lingüística resolveu, mediante Resolución do 18 de xuño de 2007 (publicada no *Diario Oficial de Galicia* n.º do 11 de xullo), a adxudicación das axudas convocadas na Resolución do 13 de febreiro de 2007 pola que se anunciaba a convocatoria de axudas para financiar proxectos de fomento do uso do galego dos equipos de normalización lingüística dos centros de ensino privados de Galicia que imparten ensinanzas de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional, para o ano 2007 (*Diario Oficial de Galicia* n.º 39, do 23 de febreiro).

Na Resolución do 13 de xaneiro prevíase que o prazo de xustificación das axudas rematase o 15 de xullo de 2007. Á vista da data de publicación da resolución de adxudicación definitiva, esta secretaria xeral:

#### RESOLVE:

1.-Prorrogar ata o 12 de setembro de 2007 o prazo de presentación das xustificacións dos gastos das axudas concedidas para financiar proxectos de fomento do uso do galego dos equipos de normalización lingüística dos centros de ensino privados de Galicia que imparten ensinanzas de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor potestativamente recurso de reposición, segundo o previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, perante a secretaria xeral de Política Lingüística, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao de publicación desta convocatoria, ou ben presentar recurso contencioso-administrativo directamente perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2007.

María Sol López Martínez  
Secretaria xeral de Política Lingüística

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

*Decreto 136/2007, do 21 de xuño, polo que se aceptan as doazóns de bens culturais feitas por María Teresa Pardo Rivas á Comunidade Autónoma de Galicia.*

Con data do 2 de abril de 2007, a Consellería de Cultura e Deporte remitiulle á Consellería de Economía e Facenda o expediente de doazón do arquivo familiar da familia Pardo Gil Taboada.

A Secretaría Xeral e do Patrimonio tramitou o expediente de aceptación, logo dos informes favorables da Comisión Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia e da Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural.

De acordo co disposto no artigo 17.1º da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e 34.1º do Regulamento aprobado polo Decreto 50/1989, do 9 de marzo, a adquisición pura e simple de bens, a título gratuito ou lucrativo requirirá decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Economía e Facenda.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e un de xuño de dous mil sete,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º

Aceptar nos termos establecidos por María Teresa Pardo Rivas a doazón de parte do arquivo familiar da familia Pardo Gil Taboada, que a continuación se relaciona:

- Organización e arquivo:
- Resumos de documentos.
- Recibos de entrega de documentos.
- Rexistros topográficos de documentos.
- Xenealoxía, títulos e vínculos:
- Árbores xenealóxicas.
- Expedientes de declaración de herdeiros.
- Expedientes de información de nobreza e limpeza de sangue.
- Patrimonio:
- Títulos de propiedade: autos de preitos, cartas executorias, certificados, escrituras de compravenda, escritura de foro, escrituras de doazón, escrituras de partilla, escrituras de testamento, escrituras de permuta, inventarios...
- Administración do patrimonio: certificados de actas de reunións de consellos familiares, contas de